

# CAMPAMENTO URBANO EN

## AGOSTO

**A Concellería de Cultura, Deportes e Xuventude organiza para o mes de agosto actividades para nenos e nenas maiores de 3 anos no CMI Unidade de Fene.**

O **Campamento Urbano** é un programa pensado para todos aqueles nenos e nenas (nados entre o 1998 e o 2006) que queiran pasar un rato divertido nas mañás do mes de agosto (de 11.00 a 13.30 horas) no CMI Unidade de Fene.

As actividades a realizar (según grupos de idade) serán:

☞ **Actividades Dinámicas**

- Xogos acuáticos
- Xogos deportivos
- Xogos populares
- Xogos de pistas
- Baile
- Risolandia
- Relaxación

☞ **Xogoterapia**

- Xogos de mesa
- Invención e fabricación de xoguetes

☞ **Cociña**

- Pasteleiros e pasteleiras
- Merenda divertida
- Barcos de froita
- Bombas de vitamina

☞ Animación á lectura e xogos dramáticos

- Gymkana dos contos
- Teatriño e títeres

☞ Actividades creativas

- Experimentos de arte
- Globianimais
- Alfombriñas de rato personalizadas
- Fabricación de bonecos
- Body painting

Para poder participar só tedes que achegarvos ás dependencias administrativas da Concellería de Cultura, Deportes e Xuventude (Avda. Naturais 44, entrechán dereita - Fene. Tlf.: 981.34.03.66) e cubrir a ficha de datos e a autorización entre o **1 e o 16 de xullo de 2010 de luns a venres en horario de 9.30 a 13.30 horas**; así como a entrega da seguinte documentación: **Fotocopia da Tarxeta Sanitaria + Certificado Médico.**

A matriculación realizarase por rigorosa orde de inscrición até cubrir as 25 prazas. Cada persoa só poderá matricular a un só participante (agás no caso de irmáns).

Unha vez reservada a praza, realizarase o ingreso bancario cos seguintes datos (un ingreso por cada neno/a):

<b>Nº de conta. CAIXA GALICIA</b>	<b>2091 - 0209 - 16 - 3040009274</b>
<b>Concepto</b>	<b>CAMPAMENTO URBANO</b>
	<b>Nome e apelidos do participante</b>
<b>COTA</b>	<b>33,80 €</b>

Do 19 ao 23 de xullo de 2010 deberá realizarse o dito pagamento e a entrega do xustificante de ingreso no Dep. de Cultura, Deportes e Xuventude.

As familias con escasa capacidade económica poderán acollerse á redución de cotas según a Ordenanza Fiscal do Concello de Fene.

O seguro subscrito para os/as participantes é a póliza de responsabilidade civil xeral do Concello de Fene e da empresa que presta os servizos de monitorado.

A formalización da matrícula implica a aceptación explícita das normas que rexen esta actividade e dos cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas.